

REUNIÓN DOS VOGAIS INFANTÍS DO CONSELLO MUNICIPAL DE INFANCIA E ADOLESCENCIA DE REDONDELA COA ALCALDESA E CONCELLEIROS ACERCA DAS MEDIDAS DO CONCELLO ENTORNO AO COVID-19

O xoves 12 de maio de 2020, ás 12:00 h, celebrouse unha videoxuntanza dos vogais infantís do Consello Municipal de Infancia e Adolescencia de Redondela coa Alcaldesa, Digna Rosa Rivas Gómez, a Concelleira de Ensino, Olga M^a García Ballesteros e mais o Concelleiro de Cultura, Daniel Boullosa Martínez.

Na xuntanza participaron:

Polo CEIP Laredo:

- Paula Semenic Simón
- Lara Urdiales Ballesteros

Polo CEIP Alexandre Bóveda:

- Chloe Vilar Juan
- Gabriel Expósito Portomeñe

Polo CEIP de Reboreda:

- Alba Fernández Couñago
- Bruno Rodríguez Luís

Polo CEP Santa Mariña:

- Carla Acosta García
- Guillermo Cal Cabadas
- Raúl López Novas (non se pudo conectar por dificultades coa plataforma, e posteriormente, co seu dispositivo).

Polo CEIP de Quintela:

- Noa Corugeira Crespo
- Pepe Estévez Portela

Polo CEIP Porto Cabeiro:

- Andrea Alonso Freire
- Raúl Sánchez Piñeiro

Polo Colexio Vigo:

- David Cermeño Rodríguez
- Xiana Fernández Videira

Polo IES Chapelá:

- Laura Fernández Rodríguez

Polo IES Mendiño:

- Carla Santos Mouriño

Polo IES Pedro Floriani:

- David Sobral Bemposta

Polo IES Illa de San Simón:

- Darío González Cuervo

Actuou como secretaria da reunión M.^a José Villar Fernández, auxiliar de biblioteca do Concello.

A xuntanza iniciouse ás 12:15, para dar tempo aos participantes a incorporarse á sala de videoconferencia.

A xuntanza foi moi participativa, e tocáronse moitos temas. Entre eles destacamos:

- Carla Santos preguntou por que non se fixeron probas do Covid aos profesores dos centros.

Alcaldesa e mais concelleira de Ensino fixeron constar que nese caso tamén o alumnado debería pasar as probas. En todo caso, o importante é que habendo estado todos confinados nas respectivas casas, as probas para ese momento non eran o prioritario. Haberá que valoralo para a volta ás clases en setembro.

- A alcaldesa consultou á rapazada participante sobre as clases online e o seu seguemento. Acerca da dificultades para a conexión e se tiveran moitos deberes.

A maioría dos participantes sinalaron que eran bastantes ou moitos deberes. Con respecto á conexión a Internet para o seguemento das clases, algúns participantes valoraron como boa a experiencia, pero outros non tanto. Xiana Fernández indicou que nun principio tivera bastante problema, pero que agora xa estaba solucionado. A concellería de Ensino traballou nestes meses para proporcionar equipos informáticos e *routers* para a conexión a Internet de todos os escolares que non tiñan acceso a Internet.

- Acerca deste último David Sobral sinalou a necesidade de proporcionar un mellor acceso á Internet no rural, onde na maior parte dos sitios non hai conexión mediante fibra.

A alcaldesa sinalou o compromiso do equipo de goberno para reunirse coas empresas proporcionadoras dos servizos de Internet para resolver o problema da fibra no rural.

- David Sobral tamén sinalou, noutro orde de cousas, a necesidade dun parque para a rapazada en Cesantes, e a alcaldesa admitiu a idea para estudiala.

Pero tocou centrar a xuntanza na temática para a que estaba convocada: que non fixo o Concello ou que pode mellorar en relación á xestión das necesidades derivadas do Covid-19.

- Xiana Fernández sinala que a ela lle costa estar informada, polo que a alcaldesa lle invita a consultar a web do Concello, onde hai información actualizada sobre as medidas do Covid-19.

- Ante a pregunta de se recibiran na súa casa a máscara enviada polo concello, algúns dos participantes indicaron que non. Nese caso, alcaldesa e concelleiros convidaron aos participantes a escribir a fainoportodxs@redondela.gal e pedilas alí.

- Consulta sobre as clases: tocará, na volta ás aulas, asistir ás clases con máscara? Habará turnos de nenos que asistan presencial e nenos que asistan ás clases en liña?

Alcaldesa e concelleira de ensino sinalan que a seguridade persoal é o primeiro e o máis importante, pero que se descoñece que protocolos se van seguir. Olga, a concelleira de ensino, indicou aos participantes que o que se está a falar para a volta ás aulas son:

- Máscara nos espazos comúns da escola, pero non cando os rapaces e rapazas estean sentados nos seus postos, porque alí habará a separación necesaria entre eles.

- Uso de xel desinfectante xeralizado.

Tamén, para ampliar a separación entre o alumnado:

- Opcións de habilitar outros espazos dos coles e convertilos en aulas (ximnasios e outras salas)

- Establecer dous turnos (mañá e tarde), para non xuntar a tantos rapaces de cada vez.

- Espazos de lecer como os tobogáns e randeiras: polo momento estarían pechados.

- Os parques públicos e o *skatepark*: de momento están pechados.

A alcaldesa aproveitou a ocasión para consultar aos rapaces se vían axeitado abrir ao público xa este último, porque a corporación ten serias dúbidas.

A resposta dos rapaces era que quizá non fora moi seguro. Para practicar *skate* habería que ir sen máscara. Ademais, é difícil usar unha pista de *skate* sen ter que apoiar as mans no chan, sobre todo se hai caídas... a conclusión foi que de momento debería permanecer pechado.

- Outro tema a tratar foron as praias:

A alcaldesa aproveitou para informar aos rapaces que se estaba a facer unha campaña visual con pancartas nos areais recordando aos visitantes a necesidade de manter a distancia de seguridade, de non acudir se se teñen síntomas, de levar as máscaras e extremar a hixiene, etc.

Tamén preguntou se os rapaces xa foran á praia e de como percibiran a situación con relación á seguridade sanitaria.

Carla Santos, Pepe Estévez ou David Sobral comentaron que xa se achegaran á praia e que as distancias se estaban cumprindo.

A alcaldesa tamén consultou a opinión dos participantes con respecto a parcelar as praias.

Darío González sinalou que a opción de parcelar a praia e establecer citas previas lle parecía como privatizar a praia, e que non lle parecía unha boa opción. Pero David Sobral pensa que esa opción é un xeito de garantir que vai haber espazo entre as persoas.

Falouse da necesidade de que houbese vixilancia. A alcaldesa informou aos participantes que a contratación de socorristas para as praias se fai todos os anos para xuño, e non para antes. É por iso que de momento non hai socorristas, porque aínda se está organizando o procedemento para contratalos.

A alcaldesa recordoulles a importancia da responsabilidade persoal: se un chega á praia e ve moita xente e que non hai opción de estar suficientemente separado dos demais, a responsabilidade de un é dar a volta e marchar.

- Máquinas expendedoras de máscaras: Chloe Villar preguntou se se fan colocar no Concello. A alcaldesa comprometeuse a consultar se esas máquinas estaban a ser colocadas en Galicia e valorar a súa idoneidade. Con respecto aos dispensadores de xel

na rúa, informou de que non sempre é seguro, xa que coa calor o xel se pode estropear e provocar reaccións na pel. Polo que as cousas hai que facelas informándose ben.

Houbo debate sobre a necesidade de que a poboación deba custear as máscaras. A alcaldesa explicou que hai que facilitarlle o acceso a aquelas persoas que non teñan recursos ou que estean en dificultades para poder custealas, pero tamén expresou que os medios públicos non o poden custear todo, porque as cousas non son gratis e saen dos impostos dos cidadáns. Ao tempo incidiu en que é importante que os recursos públicos se optimicen, xa que con esta crise van xurdir moitas necesidades que haberá que atender tamén co erario público, e non se pode gastar todo á primeira de cambio.

- O CEIP Alexandre Bóveda aportou unha presentación moi útil e que se amosou neste momento, para que debateran sobre ela os participantes. Nela se expoñen as medidas adoptadas polo Concello, sinalando aquelas que pareceron axeitadas e aquelas que non. Tamén se marcan propostas para a nova normalidade, tanto a nivel da vida no Concello como no contexto escolar.

- Valoraron como medidas axeitadas establecidas polo Concello: a desinfección das rúas, o peche dos parques infantís, os controis do cumprimento das medidas de confinamento, o reparto das máscaras, e o respecto á poboación con necesidades especiais (espectro autista) para que non tiveran confinamento total.

- Valoraron como medidas mellorables: a apertura prematura das terrazas, as medidas de protección persoal (máscaras), que tiñan que ter sido obrigatorias dende o principio, a escaseza de persoal de corpos de seguridade ou de protección civil, e a inadecuación das franxas horarias nas zonas limítrofes entre concellos.

Con respecto á volta ás aulas, o CEIP Alexandre Bóveda achegou propostas como: máis traballo de contidos informáticos, limitación de materiais de uso compartido, reorganizar quendas e espazos de recreo nos centros para coincidir menos persoas, grupos de clase menos numerosos para ter máis espazo entre as mesas, opción de quendas entre ensinanza presencial e telemática, opcións de non abrir espazos comúns para destinalos a aulas (comedor, ximnasio, aula de música).

- No debate tamén se falou do turismo e da contradición entre as desventaxas do turismo a nivel de aglomeracións e riscos sanitarios e as vantaxes que supón no que afecta á economía.

Cando pasaba xa das 13:30 h, a alcaldesa agradeceu a todos os e as participantes o ter estado nesta xuntanza, e recalculles a utilidade da mesma e o proveitosa que resulta de cara ao traballo no goberno de Redondela. Convocaranse máis reunións con este consello pola súa utilidade, por ser este unha ferramenta de participación, útil e efectiva, da mocidade e a infancia na vida municipal.

En Redondela a 28/05/2020